Carlos Becke e Sofía Bancoff gañan o VI Open de Tenis Concello de Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 20 Xullo 2014 22:52



O torneo tivo na categoría masculina unha disputada final entre Carlos Becke e Manuel Santome. Becke acadou o trofeo tras gañar os dous sets por 7/6 e 6/2. Aínda máis dura foi a finalísima feminina onde a gañadora Sofía Bancoff (alumna do Tenis Gondomar) tivo que dobregar a Raquel Arreola en 3 encontros: 7/6, 4/6 e 6/3. Tras finalizar a competencia o Club Tenis Gondomar procedeu á entrega de trofeos e o sorteo dun cheque para dous circuítos termais nas Termas de Outariz que finalmente obtivo Yago González.

